

Estrutura do comercio

METODOLOXÍA

1. Obxectivos e utilidades

Os obxectivos da actividade estatística “Estrutura do comercio” son os seguintes:

- Coñecer datos estruturais básicos sobre as poboacións obxecto de estudo, como tipoloxía, localización xeográfica, tamaño, etc.
- Satisfacer a demanda externa de información sobre as empresas e as unidades locais dedicadas o comercio polo miúdo.

2. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

Son as empresas tanto con sede social en Galicia como fóra de Galicia que na data de referencia dispoñen dalgún establecemento no territorio galego con actividade económica principal incluída na división 52 da CNAE-93. Rev.1 “Comercio polo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos”.

Dado que se vai a traballar con datos de superficie non se considera a actividade de comercio polo miúdo non realizado nun establecemento, clasificada no grupo 526 “Comercio polo miúdo non realizado en establecementos”.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico é o conxunto do territorio galego.

Ámbito temporal

A data de referencia é o 1 de xaneiro de cada ano.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Empresa: combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que goza dunha certa autonomía de decisión.

As empresas están clasificadas naquel ámbito territorial onde teñen a súa sede social.

Establecemento ou unidade local: empresa ou parte dunha empresa sita nun lugar delimitado topograficamente, no que se realizan unha ou varias actividades económicas ás que dedican o seu traballo unha ou varias persoas por conta dunha mesma empresa. Non se contabilizan como establecementos os almacéns por non consideralos como unidades produtoras de bens e servizos. Se polas propias características da actividade esta non se realiza nun lugar fixo, o establecemento é o lugar desde o que se organiza ou coordina tal actividade.

Actividade económica: é a creación de valor engadido mediante a produción de bens e servizos, intervindo o traballo, o capital e as materias primas. En xeral, as actividades económicas desenvolvidas por unha empresa ou establecemento poden ser de tres tipos: actividade principal, secundaria e auxiliares.

Actividade principal e secundarias: actividade principal é aquela que xera maior valor engadido. Se non se dispón desta información, considérase aquela que proporcione o maior valor de produción, ou no seu defecto, a que empregue un maior número de persoas ocupadas. As demais actividades produtoras que realice a empresa serán secundarias. A clasificación das actividades determínase segundo a *“Clasificación nacional de actividades económicas de 1993. Revisión 1” (CNAE-93 Rev.1)*.

Actividade auxiliar: aquela que se realiza en apoio dunha actividade produtora e que ten as seguintes características:

- Produce produtos que non son vendidos no mercado.
- Tal actividade existe, en canto ó seu tipo de importancia, en unidades de produción semellantes.
- Serve unicamente á unidade estatística de produción da que dependen.
- Contribúe ó custo de factores da unidade estatística da que depende, pero non xera formación bruta de capital fixo.

Superficie total: é a superficie total dun establecemento, isto é, a comprendida dentro do polígono do local, expresada en metros cadrados e, se é o caso, pola suma de todas as súas plantas.

Superficie de venda: aquela superficie que é accesible ó público e onde se efectúan operacións de venda, incluíndo escaparates, vitrinas, estantes e corredores de circulación dentro do establecemento.

Grande superficie: calquera establecemento que dispón dunha superficie de venda igual ou superior a 2.500 metros cadrados.

Densidade comercial: número de establecementos que existen por cada 1.000 habitantes.

Número de establecementos por km²: cociente entre o número de establecementos e os quilómetros cadrados da área.

Superficie de venda por habitante: número de metros cadrados de superficie de venda que existen por cada habitante.

Superficie de venda media: cociente entre a superficie de venda total e o número de establecementos.

Taxa de superficie comercial: porcentaxe da superficie total dedicada a comercio polo miúdo sobre a superficie total do conxunto de actividades económicas.

4. Recollida da información

Os datos proceden dunha explotación do *Directorio de empresas e unidades locais*, actividade estatística tamén elaborada polo Instituto Galego de Estatística con periodicidade anual. Dita actividade, ten como obxectivo xeral proporcionar información sobre as empresas que o 1 de xaneiro de cada ano de referencia realizaban algunha actividade no territorio galego e, é elaborado a partir de diversas fontes de datos de orixe administrativa (*Imposto de actividades económicas*, *Rexistro mercantil* e os *Rexistros de contas de cotización e autónomos* da Seguridade Social) e estatística.

Os datos de poboación, referidos ó 1 de xaneiro do ano de referencia, proceden do *Padrón municipal de habitantes* elaborado polo Instituto Nacional de Estadística.

5. Presentación de resultados

A difusión dos resultados desta actividade realízase na páxina web do IGE, nun folleto e nun CD-Rom.

O folleto contén, nun formato de táboas, mapas e gráficos comentados, os principais resultados; este acompáñase dun CD-Rom que ademais de táboas cos resultados máis detallados inclúe unha serie de mapas que reflicten a distribución territorial por concellos do número de establecementos comerciais. Na páxina web tamén se difunden os resultados máis detallados.

A continuación expóñense as principais variables de clasificación que se utilizan para facer as distintas táboas.

Características relativas ós establecementos

Actividade principal: os establecementos investigados clasifícanse por actividade principal segundo a "*Clasificación nacional de actividades económicas de 1993. Revisión 1*" (CNAE-93 Rev. 1) nos seguintes grupos:

- 521: comercio polo miúdo en establecementos non especializados
- 522: comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados
- 523: comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene

- 524: outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados
- 525: comercio polo miúdo de bens de segunda man, en establecementos
- 527: reparación de efectos persoais e utensilios domésticos
- 52N: non clasificados do comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e utensilios domésticos

Grupos a partir dos que se realiza a seguinte agrupación por grao de especialización:

- Comercio non especializado: grupo 521
- Comercio especializado alimentario: grupo 522
- Comercio especializado non alimentario: grupo 523, 524, 525 e 527

Localización xeográfica: atendendo á localización onde están situados os establecementos dáse información para Galicia, comarcas e concellos.

Características relativas ás empresas

Localización xeográfica: as empresas asociadas a establecementos de comercio polo miúdo clasifícanse atendendo á localización da súa sede social. Dáse información sobre o número delas con sede en Galicia, así como nas distintas comarcas e concellos de Galicia; non se contabilizan as que teñen sede fóra de Galicia.

Notación utilizada nas táboas de resultados

x : Información suxeita a segredo estatístico.

- : Non procede facilitar a información.